

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou ca confraría de pescadores de Noia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a confraría de pescadores de Noia para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

#### 1. Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou enmenda do substrato: aporte de 5000 kg cuncha provinte do intermareal da Misela 1 ao banco da Barquiña, produto da mortalidade de berberecho e ameixa polas riadas do inverno.

1.2. Control de depredadores/competidores: Captura de depredadores —estrelas e cangrexos— en bancos marisqueiros para minorar a mortandade de especies comerciais.

1.3. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos : Retirada de acúmulos de cuncha produto da mortalidade de berberecho e ameixa no inverno polas riadas.

1.4. Rareos e traslados : separación da alga do bivalvo e acumulación en capachos que se trasladarán a pé á zona de sementeira.



1.5. Sementeira: boiado da parcela e preparación do substrato a pé con rastrillado e retirada de algas e residuos e sementeira a pé. Previstas dúas sementeiras ao mes e mínimo unha con 20 persoas mariscadoras a pé 4 horas.

## 2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Vixilancia: mínimo 4 horas nas baixamares diurnas, 2 persoas por banco (4 en total) .

2.2. Participación nas mostraxes e seguimento: procesado das mostrax: separación especies comerciais e acompañantes da mostra. 4 persoas diarias dirixidas pola Asistencia técnica.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuir á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuir á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).



- O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 18 de maio do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a confraría de pescadores de Noia para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.
- O convenio asinouse o día 20 de maio do 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

